

As palabras máxicas

Escribide unha lista de substantivos concretos longa (uns trinta ou así). Non pensedes, escribide rápido, deixádevos levar polas asociacións libres, pola sonoridade... Substantivos que vos gusten ou que vos desgusten... Palabras.



A continuación, collede a primeira e a última e escribídeas nun folio aparte. Que? sae?, formiga e puré?, illa e rañaceos? É o mesmo, as vosas palabras chocaron e xa conteñen unha historia, son o embrión dun relato, un micro conto que tedes que escribir contra reloxo nun cuarto de hora. Escribide o que vos saia, sen abafos.

O importante non é agora bordar a técnica senón deixar que saia a historia que as dúas palabras máxicas vos están berrando, só tedes que escoitar.

